

# BANDO

## Campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade 2017

Infórmase á veciñanza que a **Consellería de Política Social**, abriu o prazo de presentación de solicitudes de praza nos **Campamentos de Verán Específicos** dirixido a **persoas de 11 a 40 anos de idade cunha discapacidade unha porcentaxe igual ou superior ao 33%**.

### Requisitos

Ter recoñecida unha discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%.

Ter unha idade comprendida entre os 11 e os 40 anos. Ter cumprida a idade mínima establecida ao inicio da quenda e non superar a máxima á súa finalización.

Estar empadroados nalgún concello de Galicia.

Non presentar trastornos que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade.

Ter unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades que se van desenvolver.

Ter unha mobilidade acorde coas características da instalación que solicita.

### Servizos ofertados

Aloxamento en albergue, residencia ou apartamento, segundo o destino solicitado e Manutención en réxime de pensión completa.

Programa de actividades de animación sociocultural e Material necesario para a actividade.

Equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural, actividades de tempo libre e náuticas.

Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes

Destinos	Actividades	Idades	Datas
Albergue Xuvenil de Gandarío Bergondo. A Coruña.	Natureza xunto ao mar 	de 11 a 14 anos	do 11 ao 20 de agosto
		de 15 a 18 anos	do 11 ao 20 de agosto
		de 19 a 25 anos	do 1 ao 10 de agosto
		de 26 a 40 anos	do 20 ao 29 de agosto
Residencia de Tempo Libre Panxón. Nigrán. Pontevedra.	Teatro e aventura na natureza	de 11 a 14 anos	do 1 ao 10 de setembro
		de 15 a 18 anos	do 1 ao 10 de setembro
		de 19 a 25 anos	do 1 ao 10 de xullo
		de 26 a 40 anos	do 1 ao 10 de xullo

### Prezos

Prezo xeral: 125 € | Prezo con Título de familia numerosa: 62,5€ | Prezo con Carné xove: 93,75€

### Modelo de solicitude e de informe médico

A solicitude e o informe médico formalizarase nos impresos oficiais e terán que estar asinados polos pais/nais ou titores das persoas con discapacidade e polo persoal médico, segundo corresponda.

Estes impresos están á disposición das persoas interesadas na páxina web :

<http://politicassocial.xunta.gal/web/portal/portada>

### Prazo e lugares de presentación de solicitudes

**Ata o día 2 de maio** nos servizos de Xuventude e Voluntariado das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social, nos servizos sociais dos centros sanitarios ou nos servizos sociais comunitarios dos concellos. Para máis Información e presentación de solicitudes poden dirixirse ao **Servizo Social Comunitario** deste Concello os **luns, de 10 a 13:30 horas, e os martes e venres de 9 a 13:30 horas.**

Pontecesures, 19 de abril de 2017

O ALCALDE,

Juán Manuel Vidal Seage